

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

ORDE do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR803D).

As políticas de cooperación para o desenvolvemento comprenden o conxunto de actuacións orientadas á real superación da pobreza e da desigualdade e precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade e a equidade. A necesidade de promover un progreso económico e social global, sustentable, inclusivo, equitativo e de igualdade entre os cidadáns xorde tamén de forma descentralizada nas comunidades autónomas e noutras administracións territoriais, así como en institucións ou axentes sociais e económicos diversos que senten como un deber ético común o compromiso de traballar pola consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) para 2030, aprobados pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015, seguindo criterios de eficacia e calidade da axuda. Coa aprobación da nova Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Comunidade Autónoma reafirma este compromiso e asume como propia a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e desigualdade e propiciar un desenvolvemento humano solidario, igualitario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade, igualdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico.

O artigo 96 desta lei considera axentes da cooperación as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, así como as universidades, os sindicatos, as empresas e organizacións empresariais, e as comunidades galegas no exterior.

A presente convocatoria está en liña coa Estratexia de resposta á COVID-19 da cooperación galega elaborada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo complementaria do IV Plan director da cooperación galega (2018-2021), consensuada cos axentes de cooperación colaboradores e aprobada no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, a cal naceu coa vontade de adaptar o Plan director prorrogado ao novo contexto de pandemia, de tal xeito que os seus recursos e

CVE-DOG: y8ux7cf6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



instrumentos respondan con eficacia ás novas demandas e necesidades das comunidades socias e dos axentes de cooperación.

Tendo en consideración isto, deben aprobarse as bases reguladoras para o ano 2022 para a execución de proxectos no exterior promovidos polos axentes de cooperación.

Pola súa vez, procede convocar a concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 de acordo con estas bases reguladoras e que garanten os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

En atención a estes principios e obxectivos, e en uso das atribucións que me confire o artigo 40 do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, establécese que lle corresponden á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior as funcións relativas ás competencias de impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento e, en concreto, en acción humanitaria.

DISPOÑO:

Artigo único

1. Aprobar as bases reguladoras que figuran como anexo I desta orde para a concesión de subvencións a proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.

2. Convocar as subvencións polo importe total de 5.400.000,00 euros con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2022 e 2023 de acordo coas bases reguladoras aprobadas nesta orde, que se financiarán con cargo ás liñas e aplicacións orzamentarias seguintes:

Proxectos no exterior de ONGD polo importe total de 4.700.000,00 euros conforme a seguinte distribución con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0 (1.880.000,00 euros no ano 2022 e 2.820.000,00 euros no ano 2023).

Proxectos no exterior dos outros axentes polo importe total de 700.000,00 euros conforme a seguinte distribución con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0 (280.000,00 euros no ano 2022 e 420.000,00 euros no ano 2023).



Ao tratarse de subvencións con cargo ás mesmas aplicacións orzamentarias, os créditos non asignados a unha liña de actuación poderán incrementar a dotación financeira da outra liña de actuación.

3. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

4. Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, un recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo no director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, de acordo co establecido no artigo 4.5 da Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería.

Autorízase o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



Disposición adicional segunda

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2022

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

ANEXO I

Bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación

Artigo 1. Obxecto e entidades beneficiarias

1. O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior que executarán as entidades recoñecidas como axentes de cooperación para o desenvolvemento pola Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, ben individualmente ou mediante unha agrupación de entidades (código de procedemento PR803D):

- Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento.
- As universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos.
- As cooperativas, empresas e asociacións empresariais.
- As organizacións sindicais.
- Comunidades galegas no exterior.
- Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



2. Non se considerarán agrupación de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación ou federación a que pertenza a devandita entidade, ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas. Así mesmo, non terá a condición de entidade agrupada aquela que non participe economicamente na xestión do proxecto, ben con cargo á subvención ou ben con achegas propias.

3. Exclúense destas bases os proxectos que teñan como obxecto a acción humanitaria e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo.

Artigo 2. Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias das axudas e os proxectos

Non pasarán á fase de valoración as solicitudes presentadas que non cumpran os requisitos seguintes:

2.1. Requisitos das entidades:

a) Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento con, polo menos, un ano de antelación ao da publicación da convocatoria. As comunidades galegas no exterior que consten inscritas no Rexistro de Centros e Comunidades Galegas dependente da Secretaría Xeral da Emigración e as Universidades quedan exentas de cumprir este requisito.

b) Ter correctamente xustificadas as axudas recibidas por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos en materia de cooperación para o desenvolvemento para a anualidade de 2019 e anteriores antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, agás no caso de ter concedida a oportuna ampliación do prazo de xustificación. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que, sobre as entidades beneficiarias de axudas económicas, recaese unha resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

c) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) No caso das universidades, haberán de formar parte do Sistema universitario de Galicia, segundo a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do Sistema universitario de



Galicia, e poderán optar a estas subvencións os seus departamentos e institutos que realicen actividades que poidan ser obxecto das axudas reguladas nestas bases.

2.2. Requisitos xerais de todos os proxectos:

a) Non estar iniciada a execución do proxecto antes do 1 de xaneiro de 2022, sendo necesario que o inicio das actividades sexa no ano 2022. Nos supostos en que o proxecto teña carácter anual, os proxectos deberán executarse antes do 31 de decembro do ano en que se conceda a subvención. No caso de proxectos con carácter plurianual, os proxectos deberán executarse antes do 31 de decembro do ano seguinte ao da concesión da subvención.

b) Que se identifiquen as contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constanding expresamente o seu compromiso no proxecto. Non terán a consideración de contrapartes ou socios locais as delegacións de entidades españolas distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto. As contrapartes ou socios locais deben estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente no país de intervención no seu caso, con anterioridade á publicación desta convocatoria.

c) Que as accións non teñan como obxectivo a substitución do Estado na prestación de servizos públicos de saúde, a educación regulada ou a investigación oficial.

d) Que o proxecto redunde na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias; é dicir, que contén coa participación das persoas beneficiarias no desenvolvemento do proxecto, non sexa discriminatorio por razón de cultura, raza, xénero, relixión, orixe, ou orientación sexual, fomenta a igualdade entre homes e mulleres e sexa respectuoso coa protección do ambiente.

e) Que teña unha repercusión práctica e cuantificable na satisfacción das necesidades básicas e os intereses estratéxicos da poboación das zonas máis desfavorecidas do país en que se execute, atendendo de xeito prioritario ás diferenzas derivadas das fendas de xénero e que sexa respectuoso cos obxectivos de desenvolvemento do país, da zona onde se leve a cabo a acción e das comunidades beneficiarias.

f) Que o proxecto se axuste tanto á realidade como á capacidade de xestión da entidade solicitante e a da súa contraparte, co fin de asegurar a súa viabilidade.

CVE-DOG: y8ux7cf6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



g) Os proxectos deberán estar vinculados de xeito directo á realización das prioridades transversais, segundo o establecido no IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, complementado coa Estratexia de resposta á COVID-19 da cooperación galega de adaptación ao novo contexto.

h) O orzamento dos proxectos deberá cumprir co que establece o artigo 7 «gastos do proxecto» desta convocatoria, en especial o relativo aos límites máximos establecidos nalgunha das partidas e a imputación adecuada dos gastos.

i) O cofinanciamento do proxecto correspondente á entidade solicitante e a outros financiadores diferentes á Xunta de Galicia non pode ser o 100 % valorizado, tendo que existir nalgún caso achega financeira ao proxecto.

j) O emprego dos documentos de formulación normalizados (tanto o técnico como o económico) adaptados á presente convocatoria.

k) Nos proxectos presentados por fases será obrigatorio contar cunha liña de base inicial, a cal poderá formar parte da subvención solicitada.

2.3. Requisitos específicos dos proxectos presentados polos outros axentes de cooperación.

Non serán valorados os proxectos presentados polos outros axentes da cooperación galega (exceptúanse os presentados polas ONGD) que non se enmarquen, cada un deles, dentro dos seguintes ámbitos:

As universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos:

a) Actividades de cooperación interuniversitaria, como fortalecemento institucional das universidades dos países en desenvolvemento, asistencia para o deseño de títulos e currículos académicos, apoio á mobilidade do persoal investigador e docente, organización de pasantías de alumnado en prácticas, formación de redes para o traballo en común e outras.

b) Actividades de apoio e asistencia ao resto dos actores da cooperación, tanto administracións públicas como entidades privadas (ONGD) no desenvolvemento científico e na transferencia de tecnoloxía.



As cooperativas, empresas e asociacións empresariais:

a) Dotación de bens e servizos –materiais, obras e asistencia técnica– que os procesos de desenvolvemento demandan, así como achega libre de recursos humanos, materiais, técnicos ou financeiros a proxectos ou institucións de desenvolvemento.

b) Actividades de fortalecemento no sector en que desempeña a súa actividade dos países en desenvolvemento, apoiando a participación no diálogo social, na transferencia da súa experiencia e recursos a institucións cun fin homólogo nos países en desenvolvemento, tales como tarefas de formación e de asistencia técnica en áreas profesionais definidas e no apoio á consolidación das organizacións empresariais, ou outro tipo de institucións.

c) Promoción dos contactos previos e os estudos de identificación ou perfectibilidade que alenten a creación de oportunidades para a posta en marcha de iniciativas empresariais, que permitan xerar renda e emprego no país en desenvolvemento, fortalecendo o tecido produtivo do país, priorizando as actuacións das micro, pequenas e medianas empresas ou aquelas de economía social. Estas iniciativas deberán incluír unha especial atención ao respecto e defensa dos dereitos laborais, humanos, dereito ao territorio, e atenderán ao impacto na loita pola equidade de xénero e a súa contribución á loita contra a pobreza e a sustentabilidade ambiental.

d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de responsabilidade social corporativa.

e) Desenvolvemento de proxectos de economía social e fortalecemento do tecido produtivo que favorezan o crecemento económico de base aproveitando o coñecemento do país, a implantación e a rede de relacións que as empresas crean.

Organizacións sindicais:

a) Actividades de apoio, a través dos seus recursos e capacidades humanas e técnicas, ás intervencións directas dos actores de cooperación.

b) Actividades de apoio á organización sindical nos países en desenvolvemento, potenciando a capacidade técnica e organizativa destas institucións e apoiando a súa participación no diálogo social nos seus respectivos países co obxectivo de contribuír a unha maior articulación e forza da sociedade civil.



c) Actividades de promoción da organización da produción a través da transferencia da experiencia dos sindicatos agrarios.

d) Actividades encamiñadas á promoción de prácticas de defensa de dereitos laborais cunha especial atención aos dereitos laborais das mulleres.

Comunidades galegas no exterior:

a) Desenvolvemento de proxectos de economía social e fortalecemento do tecido produtivo que favorezan o crecemento económico de base, aproveitando o coñecemento do país, a implantación e a rede de relacións que as comunidades galegas crearan.

b) Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a defensa dos grupos de poboación máis vulnerables, con especial incidencia na infancia, terceira idade, persoas refuxiadas, desprazadas, inmigrantes, retornadas, minorías étnicas e comunidades indíxenas.

Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento:

Actuacións ou actividades de apoio a organizacións e institucións dos países socios que desempeñen ou estean relacionadas co fin principal que a entidade solicitante realice en Galicia.

Artigo 3. *Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes*

3.1. As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3.2. As entidades solicitantes poderán presentar un máximo de dous proxectos, ben sexan individuais ou ben en agrupación con outras entidades.

No caso de presentar máis dun proxecto, polo menos un ten que executarse necesariamente nun país definido como prioritario no IV Plan director da cooperación galega.

Os proxectos presentados por unha agrupación de entidades contan como un proxecto presentado por cada unha das entidades agrupadas. Polo que respecta ás universidades, esta limitación aplicarase por departamento.

Artigo 4. *Documentación complementaria*

4.1. Xunto coa solicitude (anexo II), deberá achegarse a seguinte documentación, que se presentará no modelo oficial do documento de formulación de presentación do proxecto. A documentación das carpetas 1 e 2 e os documentos de formulación do proxecto, carpeta 3, presentaranse obrigatoriamente en soporte electrónico e a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Carpeta 1: información relativa á entidade solicitante. No caso de agrupación de entidades, deberase tamén achegar de cada unha das entidades agrupadas:

a) Copia das contas anuais da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade. Desta obriga quedarán exceptuadas as universidades.

b) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Recoméndase achegar unha listaxe dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento levados a cabo en anos anteriores financiados por entidades públicas ou privadas, daquelas actuacións levadas a cabo na mesma zona e sector do proxecto que se presenta, coas mesmas persoas destinatarias, e co mesmo socio local.

c) Planificación/estratexia de cooperación para o desenvolvemento da entidade para os seguintes anos en que se enmarca o proxecto presentado. No caso de empresas ou agrupacións empresariais deberán incluír, de ser posible, o Plan de responsabilidade social corporativa en que se insire o proxecto.



d) No caso de agrupación de entidades deberá xuntar o contrato ou acordo de colaboración asinado polas persoas que teñan a representación legal das entidades polo que se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia polas posibles responsabilidades derivadas da execución do proxecto e, se é o caso, ao reintegro total ou parcial das subvencións nos supostos de falsidade ou ocultación de datos ou incumprimento pleno ou parcial dos fins para os que se lle concedeu a subvención.

No contrato ou acordo de colaboración entre as entidades agrupadas designarán unha persoa que exerza a representación legal que, necesariamente, pertencerá á entidade solicitante, e un enderezo único para os efectos de notificacións. Así mesmo, deberán facer constar, como mínimo, os seguintes aspectos:

Compromisos de execución asumidos por cada entidade membro da agrupación, así como os importes da subvención e as achegas propias para executar por cada unha delas en cada anualidade.

Compromiso da entidade solicitante de responsabilizarse do control financeiro e contable unificado do proxecto e de comunicación perante a Xunta de Galicia de todos os ingresos e gastos do proxecto.

A/as entidade/s agrupada/s distinta/s da solicitante deberá/n xuntar unha declaración de que se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e coas obrigas de reintegro de subvencións e non está incurso/s en ningunha das restantes circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o modelo do anexo III.

A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos desde a finalización da execución do proxecto. No caso das universidades, o contrato ou acordo de colaboración deberá ser asinado polo seu representante legal.

e) Os axentes de cooperación que pola súa natureza xurídica posúan ánimo de lucro achegarán un documento de compromiso de non obter ningún beneficio da operación, segundo o establecido no artigo 97.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O devandito documento estará asinado pola persoa que exerza a representación legal da entidade.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



f) As universidades incluírán unha certificación, expedida pola persoa que exerza a representación legal segundo o establecido ao respecto na normativa de universidades e nos respectivos estatutos, en que autorice a presentación do proxecto á convocatoria e, así mesmo, o compromiso de gasto correspondente.

Carpeta 2: información relativa á contraparte ou socio local (no caso de seren varias entidades, deberase achegar de cada unha delas).

a) Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento en que se recolla o nomeamento da persoa que exerza a representación legal e do seu documento ou cédula de identidade.

b) Declaración da persoa que exerza a representación legal da entidade en que se especifique a personalidade xurídica da entidade socia ou contraparte local, o seu domicilio social, a cuantificación do número de socios/as da entidade, o seu organigrama e a descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao seu servizo.

c) Copia dos estatutos da entidade, copia do documento de inscrición no rexistro correspondente da entidade socia ou contraparte local e copia do número de identificación fiscal da entidade ou documentos similares no país de orixe.

d) Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que exerza a representación legal da entidade.

e) Copia das contas anuais da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade.

f) Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos. Recoméndase achegar unha listaxe dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento levados a cabo en anos anteriores financiados por entidades públicas ou privadas, daquelas actuacións levadas a cabo na mesma zona e sector do proxecto que se presenta, coas mesmas persoas destinatarias e co mesmo socio.

g) Planificación/estratexia da entidade para os seguintes anos en que se enmarca o proxecto presentado.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



h) No caso de que a contraparte ou socio local sexa unha Administración, universidade ou outra entidade pública deberá presentar:

- Carta de compromiso de participación no proxecto.
- Copia do documento ou cédula de identidade da persoa que ostente a representación legal da entidade.
- Copia do documento en que se recolla o nomeamento do representante legal ou certificación expedida polo órgano competente.
- Memorias, informes, plans, estratexia e/ou relación de proxectos ou actividades de cooperación para o desenvolvemento e outros traballos relacionados co proxecto presentado.

Carpeta 3: información relativa ao proxecto.

A información sobre o proxecto presentarase nos seguintes documentos normalizados que poderán descargarse da páxina web da cooperación galega <https://cooperacion.xunta.gal/>:

- Formulario de presentación do proxecto.
- Orzamento do proxecto.

Calquera problema, dúbida ou aclaración poderá formularse directamente ante a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.gal

4.2. A falta de documentación e/ou información nalgunha das carpetas 1, 2 e 3 impedirá a avaliación do proxecto se non se emendase dentro do prazo establecido no artigo 9 da presente orde. Quedarán excluídos de emenda os documentos normalizados de formulación técnica e económica da carpeta 3.

4.3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4.4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4.5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se se dispón del.

4.6. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 5. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento poderán consultarse automaticamente, tanto da entidade solicitante como da/das entidade/s agrupada/s, se é o caso, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

– NIF da entidade solicitante.



- NIF da entidade agrupada, de ser o caso.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións.
- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día nos pagamentos.
- Certificación da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia de non ter débedas.
- Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- Concesión de subvencións e axudas.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado nos anexos II e III, de ser o caso, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Non obstante o anterior e, en aplicación do establecido no artigo 31.7.i) da Lei 9/2007, do 30 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior, no caso de entidades sen fins lucrativos, bastará coa declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso/s en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para acreditar atoparse ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha



outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, declaración que se considerará suficiente para os efectos de concesión e pagamento da subvención, de ser o caso.

Artigo 6. *Condicións de financiamento*

6.1. A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95 % do orzamento total do proxecto, ben que a subvención concedida non superará en ningún caso os 175.000,00 euros para proxectos plurianuais. Para proxectos cuxa execución estea limitada ao ano 2022, o importe máximo da subvención será de 60.000,00 euros.

Nos proxectos presentados por unha agrupación de entidades, a subvención concedida non excederá o límite de 225.000,00 euros. Para proxectos cuxa execución estea limitada ao ano 2022, o importe máximo da subvención será de 100.000,00 euros.

A contía mínima que a entidade solicitante deberá achegar a través de fondos propios ou doutros nunca poderá comprender financiamento solicitado ou concedido pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, a través de calquera dos medios previstos no IV Plan director da cooperación galega.

Aceptarase o financiamento solicitado ou concedido por outros organismos financiadores que sexan distintos da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, sempre que en ningún caso a totalidade do proxecto quede financiado con fondos da Xunta de Galicia.

As achegas do resto de financiadores non poderán ser na súa totalidade valorizadas.

6.2. A subvención concedida aos proxectos plurianuais, tanto os presentados polas ONGD como polos outros axentes, distribuirase o 40 % no 2022 e 60 % no 2023. No caso de que na solicitude de subvención a entidade solicitante non respecte esta porcentaxe, axustarase de oficio pola Administración concedente e comunicarase coa resolución de concesión, e entenderase a súa conformidade coa aceptación posterior da subvención da entidade beneficiaria. Esta distribución non será obrigada no caso da última subvención concedida, a cal poderá acadar unhas porcentaxes diferentes en función do crédito que estea dispoñible para cada anualidade.

6.3. Os xuros que, se é o caso, xeren os fondos transferidos pola Xunta de Galicia reinvestiranse en custos directos, de xeito que non poderán ser imputados a custos indirectos.



Artigo 7. Gastos do proxecto**7.1. Gastos subvencionables:**

1º. Todos os gastos do proxecto deberán cumprir as condicións establecidas no presente artigo, con independencia de quen os financie, e consideraranse subvencionables tanto os custos directos como os indirectos, agás no suposto de que as entidades solicitantes posúan ánimo de lucro, caso en que se subvencionarán exclusivamente os custos directos.

2º. Entenderanse por custos directos aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos e, en particular:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo, sempre que se realice nos tres meses anteriores á data de presentación de solicitudes desta convocatoria. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, que será obrigatoria nos proxectos presentados por fases.

Para que poidan imputarse á subvención solicitada, tanto a identificación como a liña de base deberán ser realizadas por persoal externo ás organizacións beneficiarias, en caso contrario, deberán de ser financiadas coas achegas doutros financiadores.

O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar os 10.000,00 euros.

b) Terreos e inmobles no país de execución do proxecto (inclúe compra ou alugamento). No suposto de adquisición de bens inmobles, inclúe os gastos necesarios para a compra de terreos e inmobles e a súa inscrición legal nos rexistros locais de propiedade (impostos, taxas, gastos notariais, licenzas legais, etc.). Debe achegarse un certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

Non se imputarán nesta partida os gastos de alugamento ou adquisición da vivenda do persoal expatriado nin dos locais ou sedes da entidade beneficiaria ou socio local. O alugamento dos locais da entidade beneficiaria en terreo ou do socio local imputarase na partida de funcionamento.

c) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas,



materiais de construción e transporte, obras de acceso e instalacións de auga, eléctricas e de saneamento, construción de pozos e sistemas de regadíos, etc. No caso de que a man de obra ligada a estas tarefas sexa achegada pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Nos gastos imputados á construción de inmobles, deberá especificarse o réxime de propiedade e a titularidade.

Non se imputarán gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou socio local.

d) Equipamentos e materiais.

Considerarase equipamento e materiais inventariables a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada, como maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos (hardware e software), dotación de bibliotecas e outro equipamento. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío, traslado e posta en funcionamento dos equipamentos, taxas alfandegueiras ou portuarias, etc. Así mesmo, no caso de proxectos produtivos inclúese tamén a adquisición de animais, árbores, sementes, etc., o seu transporte e almacenamento.

Considéranse materiais consumibles aqueles que se consumen o usan en prazos inferiores a un ano: material de escritorio, material informático, material de formación, libros, materiais didácticos, materiais sanitarios e de prevención de contaxios COVID-19, tales como máscaras, xeles hixiénicos, biombos ou similares separadores de espazos, tests de diagnóstico, entre outros, reprográficas e imprenta, reparacións e mantemento de maquinaria, utensilios, etc. Tamén se inclúen o alugamento de maquinaria, instalacións e ferramentas necesarias para a execución da intervención.

e) Adquisición de medios de transporte de dúas rodas e de vehículos especializados e vinculados coa actividade subvencionada (como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.).

f) Persoal. Para os efectos desta convocatoria, entenderase:

1. Persoal expatriado: aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de persoas expatriadas achegarase unha memoria xustificativa da necesidade do



devandito envío e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas.

2. Persoal local: aquel persoal da contraparte ou socio local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no cal presta os seus servizos de acordo co réxime laboral correspondente as súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato no país ou zona onde se execute o proxecto.

3. Persoal en sede: aquel da entidade en Galicia sometido á lexislación española, que presta os seus servizos en Galicia, con independencia de que, por razón das súas funcións, teña que desprazarse, ocasional ou regularmente, aos países de execución, e cuxas funcións e tarefas están imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación.

A entidade solicitante deberá recorrer na medida do posible aos recursos humanos locais.

4. Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, quitanzas proporcionais ao período imputado ao proxecto, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. No caso de imputar como gasto as pagas extras e liquidacións, estas deberán computarse en proporción aos meses que o persoal está imputado ao proxecto. Amais do anterior, consideraranse subvencionables aqueles gastos de seguros sociais de traballadores en expediente de regulación temporal de emprego derivados da pandemia da COVID-19, sempre que estes non estean cubertos por outros financiadores. Neste caso, a entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar que estes traballadores están imputados ao proxecto subvencionado a través dun certificado asinado pola entidade beneficiaria.

O importe máximo aplicable por este concepto no poderá superar o 70 % do orzamento total do proxecto, incluído o persoal imputado na partida de custos indirectos, se é o caso. Este límite non será aplicable cando o período de execución do proxecto sexa ampliado en máis de seis meses.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



g) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión ou outras necesidades recollidas na formulación da intervención (distintos aos de identificación, elaboración de liñas de base, avaliación e auditoría que se imputan nas súas partidas correspondentes). Inclúiranse, como achega das entidades solicitantes, as achegas valorizadas do traballo do seu persoal voluntario para realizar os servizos previstos nesta partida.

Tamén se incluírán os gastos derivados de pólizas de seguros de accidente, enfermidade e de responsabilidade civil subscritos a favor do voluntariado da organización que non perciban contraprestación económica e que participen directamente nos proxectos subvencionados e calquera outro gasto en que puidesen incurrir e que estea directamente relacionado coa intervención.

As bolsas de formación que consistan no pagamento da matrícula ou entrega monetaria inclúense nesta epígrafe. As bolsas de transporte, alimentación ou material inclúiranse na epígrafe que corresponda segundo o obxecto da bolsa.

h) Funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento acaecidos no país de execución e ligados á execución do proxecto. Inclúese o alugamento de oficinas, electricidade, auga, comunicacións, papelería ou outros gastos de oficina, limpeza, mantemento e seguridade (incluídos gastos de persoal vinculados a estas actividades), ata un máximo do 4 % do orzamento do proxecto.

i) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense, entre outros, os gastos vinculados á mobilidade individual ou colectiva do persoal (local, expatriado e en sede), das persoas voluntarias e beneficiarias, necesarios para a execución da intervención (incluíndo gastos de viaxes derivados de expatriacións por positivos COVID, probas diagnósticas vinculadas ao traslado, combustible, seguros, alugamento e mantemento de vehículos), así como o aloxamento, manutención das persoas participantes en formacións e capacitacións e, de ser necesarios, os incentivos (monetarios e en especie) ás persoas beneficiarias dos proxectos que sexan membros de comités, redes ou similares, necesarios para a boa execución do proxecto.

k) Avaliación externa con enfoque de xénero obrigatoria ao final da intervención e requirida polas bases desta convocatoria no caso dos proxectos que reciban unha subvención superior a 90.000,00 euros. A avaliación externa deberá ser realizada por persoa ou entidade de recoñecida experiencia en Galicia ou no país de execución do proxecto, para o que



se acreditará a súa solvencia e experiencia na realización destas avaliacións, e xuntarase a documentación que a xustifique. Así mesmo, consideraranse subvencionables aqueles gastos de similar natureza non obrigatorios que se recollan no documento de formulación do proxecto que se xunta coa solicitude de subvención.

Consonte o que establece o artigo 22.1 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, a avaliación externa poderá realizarse tras a expiración do prazo de execución do proxecto, nun prazo máximo de tres meses, con independencia de que se supere o termo do correspondente exercicio orzamentario.

A contía máxima que se pode imputar a este concepto non superará os 6.000,00 euros.

l) Auditoría contable. Financiarase para os axentes de cooperación que non posúan ánimo de lucro. Será obrigatoria para subvencións por importe superior a 50.000,00 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000,00 euros. O importe máximo imputado a este concepto non excederá dos 4.000,00 euros.

Consonte o que establece o artigo 22.1 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, a auditoría externa poderá realizarse tras a expiración do prazo de execución do proxecto, nun prazo máximo de 3 meses, con independencia de que se supere o termo do correspondente exercicio orzamentario.

As universidades están eximidas da presentación da dita auditoría contable.

As entidades que posúan ánimo de lucro terán a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable, que deberá ser efectuada por persoal profesional independente inscrito, no caso de persoal español, no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC). As persoas auditoras exercentes no país onde se levará a cabo a revisión consideraranse como tales sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da profesión e, se é o caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría os seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá ser realizada por un/unha auditor/a establecido/a no dito país, sempre a designación deste/a siga uns criterios técnicos que garantan a axeitada calidade.

m) Fondo rotatorio: enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como empréstitos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas



nas condicións contractuais que se establezan, destinadas a garantir a súa devolución. Achegarase, en todo caso, o regulamento do funcionamento do fondo. Inclúense os gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo. O fondo rotatorio non poderá superar o 9 % do orzamento total do proxecto.

n) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos rexistrals e periciais para a realización do proxecto son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución desta, e sempre que non deriven de malas prácticas ou incumprimentos legais. Tamén serán subvencionables os gastos bancarios producidos pola conta do proxecto e os gastos derivados das transferencias bancarias dos fondos ao país de execución do proxecto; os derivados da compulsa de documentos por parte de notarios, autoridades locais ou servizos consulares españois e os gastos de tradución de documentos cando se requira na convocatoria.

3º. Custos indirectos: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte ou socio local para o sostemento da execución do proxecto, así como da difusión da execución e do seguimento do proxecto en Galicia. O persoal imputado nesta partida computará para o cálculo do límite establecido para gastos de persoal do 70 % do orzamento total.

A porcentaxe máxima aplicable ao concepto de custos indirectos será de ata o 10 % do importe total do orzamento do proxecto.

Estes gastos imputarase a entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

O dito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado ante a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE pola entidade solicitante mediante unha certificación desagregada e detallada dos gastos incluídos e asinada pola persoa que exerza a representación legal. Esta desagregación non será obrigatoria naqueles proxectos que dispoñan de auditoría, sempre que non incorporen gastos de persoal.

Se a entidade solicitante é unha entidade con ánimo de lucro, non se subvencionarán os custos indirectos.

CVE-DOG: y8ux7ct6-sc11-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



4º. Aceptaranse, por parte da entidade solicitante, as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo, sempre que se realicen tres meses antes da data de presentación de solicitudes desta convocatoria.

b) Gastos derivados da elaboración de liñas de base nos proxectos executados por fases.

c) Traballo realizado por persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan en cada actividade e o custo suposto (que non deberá exceder os 20 euros por hora). Todo traballo voluntario se realizará baixo a forma de contrato privado, en que se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel do/da voluntario/a no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e DNI da persoa voluntaria.

5º. Aceptaranse como achegas locais en especie as valorizacións nos seguintes conceptos:

Considéranse valorizacións as achegas de terreos, locais, equipamentos, materiais e servizos por parte da poboación beneficiaria final, socios locais e outras entidades locais distintas das beneficiarias, así como tamén a man de obra das persoas beneficiarias finais directamente vinculadas á execución das actividades orzadas e que, en caso de terreos, locais ou equipos, vaian ser transferidas definitivamente cando acabe a execución, xunto co resto de bens adquiridos con cargo ao proxecto obxecto de axuda. Tamén poden valorarse os bens, persoal voluntario da contraparte ou socio local e os locais postos temporalmente á disposición da execución directa do proxecto, por un importe equivalente ao alugamento destes durante o tempo en que sexan utilizados dentro do prazo de execución.

As valorizacións acreditaranse cun certificado da contraparte ou socio local, da poboación beneficiaria final do proxecto ou da entidade que achegue os bens e servizos. Neste certificado, ou nun documento anexo, describirase e cuantificarase a achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios (se corresponde) e a valoración total.

As valorizacións axustaranse aos prezos de mercado local e, no caso de equipos e bens, deben ter en conta a antigüidade.

CVE-DOG: y8ux7cf6-scn1-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



6º. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7º. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, deberán quedar formalmente vinculados, durante dez anos os bens inscristibles nun rexistro público e durante cinco anos o resto de bens, para os fins das actuacións realizadas. Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local que se faga responsable da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá documentarse a través de escritura pública.

No suposto dos bens inscristibles nun rexistro público, deberase facer constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens. Estes aspectos deberán ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea deberá autorizar, previamente, tal cesión.

O incumprimento da devandita obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 74 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, e o ben quedará afecto ao pagamento do reintegro, calquera que sexa a persoa ou entidade posuidora, salvo que resulte ser unha terceira protexida pola fe pública rexistral, ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título, ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscristibles.



7.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os elementos de transporte externos, a excepción dos vehículos de dúas rodas e vehículos especializados como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.
- Os gastos de alugamento ou adquisición da vivenda do persoal expatriado.
- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- As amortizacións de bens inventariables.
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, flores, entradas a espectáculos, etc.).
- Os billetes de avión en primeira ou en clase preferente.
- As indemnizacións por despedimento do persoal.

Artigo 8. Criterios e valoración dos proxectos

As prioridades xeográficas e transversais e os ámbitos estratéxicos serán as establecidas no IV Plan director da cooperación galega, complementado pola Estratexia de resposta á COVID da cooperación galega.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

8.1. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: ata 17 puntos.

1. Experiencia relevante en accións de cooperación para o desenvolvemento (no sector de actuación do proxecto e no país, zona, comunidade onde se vai executar, co mesmo socio local ou poboación destinataria) suficientemente descrita nas carpetas 1 e 3, para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 4 puntos.



2. Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión, recursos humanos capacitados para desenvolver o seu traballo con perspectiva de xénero e baixo o resto das prioridades transversais recollidas no IV Plan director da cooperación galega e recursos técnicos e económicos para o desenvolvemento do proxecto). Máximo: 5 puntos.

3. Estratexia de cooperación da entidade e no caso de empresas e agrupacións empresariais o Plan de responsabilidade social corporativa (carpeta 1) en que se inserte a proposta presentada e que incorpore a perspectiva de xénero e/ou a política de xénero da entidade, así como o resto de prioridades transversais recollidas no IV Plan director da cooperación galega para os vindeiros anos. Máximo: 3 puntos.

4. Contribución da entidade solicitante ao fomento do sector galego de cooperación (valorándose o traballo e a presenza en Galicia, a participación en redes, o acomodo ás liñas estratéxicas da cooperación). Máximo: 2 puntos.

5. Presentación da proposta en agrupación de entidades. Terase en conta o valor engadido da agrupación ao proxecto, así como a repartición coherente e xustificada da participación de cada unha das entidades agrupadas. Máxima 2 puntos.

6. Achega financeira da entidade solicitante ao proxecto, tanto no referido a fondos propios como obtidos doutros financiadores. Esta deberá ser dun mínimo do 5 % para ser puntuada e non se valorarán as achegas en especie ou valorizados. Máximo: 1 punto.

8.2. Aspectos relacionados co socio local: ata 17 puntos.

1. Experiencia de traballo en proxectos de cooperación para o desenvolvemento na zona ou comunidade onde se vai executar o proxecto e no sector de actuación deste, descrita suficientemente nas carpetas 2 e 3 para os obxectivos e características do proxecto. Máximo: 5 puntos.

2. Capacidade de execución do proxecto pola contraparte. Garantía de implicación da entidade na comunidade e da propia comunidade no proxecto mediante a intervención da contraparte. Adecuación e coherencia no sector de traballo da entidade e o obxectivo do proxecto. Máximo: 5 puntos.

3. Estratexia en que se enmarque o proxecto para os seguintes anos. Máximo: 2 puntos.

CVE-DOG: y8ux7ct6-sc11-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



4. Participación en redes, foros, espazos locais ou internacionais no ámbito do sector de actuación do proxecto. Máximo: 2 puntos.

5. Participación no proxecto xunto con outras organizacións ou institucións locais especialmente no caso dos titulares de obrigas e responsabilidades e se existen convenios de colaboración ou compromisos de participación deles. Máximo: 2 puntos.

6. Achega financeira do socio local ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo do 5 % para ser puntuada e non se valorarán as achegas en especie ou valorizadas. Máximo: 1 punto.

8.3. Aspectos relacionados co contido do proxecto: ata 50 puntos.

1. Pertinencia do proxecto baixo o enfoque de dereitos, con especial concreción sobre o contexto de pandemia global pola COVID e a súa afectación sanitaria, social, económica, política e cultural nas persoas ou institucións destinatarias, atendendo especificamente á situación de homes e mulleres, zona, país e sector onde se vai desenvolver; antecedentes e xustificación do proxecto. Máximo: 5 puntos.

2. Coherencia dos obxectivos e resultados coa problemática presentada, o actual contexto COVID e a análise de alternativas realizada, tomando en consideración o enfoque de dereitos e a repartición de obrigas e responsabilidades. Máximo: 5 puntos.

3. Accións que se van desenvolver, metodoloxías empregadas para fomentar a participación, a apropiación, o empoderamento e fortalecemento. Prazo de execución e coherencia na programación temporal. Valorarase a concreción das medidas adoptadas para adaptarse ás restricións de mobilidade e contacto social derivadas da COVID-19. Máximo: 4 puntos.

4. Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos, resultados ou produtos do proxecto, tendo en conta o actual contexto de intervención. Máximo: 4 puntos.

5. Recursos humanos e técnicos suficientes e adecuados para acadar os obxectivos do proxecto, no actual contexto COVID. Máximo: 3 puntos.

6. Poboación beneficiaria: descrición precisa das persoas destinatarias (titulares de dereitos, obrigas e responsabilidades), criterios de identificación e selección, grao de participación nas distintas fases do proxecto, tendo en conta as limitantes do contexto actual e



mecanismos previstos para a súa apropiación. Valorarase o traballo cos colectivos prioritarios establecidos no IV Plan director da cooperación galega e na Estratexia de resposta á COVID da cooperación galega. Máximo: 5 puntos.

7. Viabilidade e sustentabilidade do proxecto a nivel social, de saúde, económico, ambiental, cultural e tecnolóxico. Valorarase a concreción das medidas adoptadas para adaptarse ao contexto COVID-19. Garantía de transferencia a unha Administración pública do país beneficiario, a unha contraparte ou socio local ou a poboación beneficiaria dos inmo- bles e equipamentos financiados con cargo ao proxecto. Máximo: 5 puntos.

8. Incorporación dos enfoques transversais, particularmente dos 7 prioritarios para a cooperación galega. Máximo 4 puntos.

9. Aliñamento coas políticas do país de intervención e inserción do proxecto na estra- texias de planificación de desenvolvemento de carácter público, en particular no referido á resposta e adaptación ao contexto COVID. Máximo 3 puntos.

10. Contribución aos ODS e as súas metas, valorando a existencia de mecanismos de coordinación e comunicación coas institucións e sistemas encargadas da súa medición e seguimento no país de intervención: máximo 3 puntos.

11. Contribución e complementariedade cos instrumentos de planificación da coopera- ción española, particularmente no caso dos MAP e dos ACA. Valorarase, especificamente, a incorporación dos indicadores dos MAP e a súa medición nas propostas presentadas. Máximo 2 puntos.

12. Intervencións integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas, superando o carácter puntual das actuacións. Máximo: 3 puntos.

13. Seguimento e avaliación previstos (internos e externos) adaptados ás actuais cir- cunstancias xeneralizadas de restrición de mobilidade e contacto social. Máximo: 3 puntos.

14. Difusión do proxecto en Galicia. Máximo: 1 punto.

8.4. Coincidencia do proxecto coa estratexia da cooperación galega, no marco da crise provocada pola pandemia da COVID-19. Máximo: 16 puntos.

1. País prioritario para a cooperación galega, país PMA ou con IDH baixo. Máximo: 5 puntos.



2. Ámbitos estratéxicos da cooperación galega. Máximo: 9 puntos.

AE 1: afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e os gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.

AE 2: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.

AE 3: mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar as persoas máis vulnerables e as comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.

Valorarase, ademais, que as actuacións impulsen a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, por mor da súa especial afectación a causa da pandemia.

3. Complementariedade e sinerxías con intervencións directas da cooperación galega, especialmente coas estruturas integradas de desenvolvemento (IDI República Dominicana, IDI Guatemala, AQUA-MOZ, e ACUIPESCA-Perú). Máximo: 2 puntos.

Artigo 9. *Instrución*

A instrución do procedemento corresponderá á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requiriranse as entidades interesadas para que, nun prazo de dez días, corrixan a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, desistirán da súa petición, logo dunha resolución que deberá ser ditada nos termos previstos nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 10. *Notificacións*

10.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na



sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

10.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionárense por medios electrónicos.

10.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

10.5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Valoración das solicitudes*

12.1. Para a súa valoración constituirase una comisión avaliadora, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos no título preliminar, capítulo II, sección 3ª, artigos 25 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



A Comisión compoñeráse polas seguintes persoas:

Presidente: a persoa titular da subdirección xeral de Cooperación Exterior.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Vogais: dous funcionarios/as da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

A Comisión, para unha mellor valoración dos proxectos e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, poderá solicitar os informes técnicos que se consideren oportunos. Os devanditos informes, que en ningún caso serán vinculantes, de encargarse, terán que ser realizados por persoas expertas independentes non vinculadas a ningún dos axentes de cooperación.

12.2. Para superar a fase de valoración dos proxectos de cooperación no exterior será necesario acadar unha puntuación mínima do 50 % (8,5 puntos) nas epígrafes I «entidade solicitante» e II «socio local» e do 50 % (25 puntos) na epígrafe III «proxecto».

No caso de empate na puntuación total obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios:

A maior puntuación obtida na valoración do proxecto.

A maior puntuación obtida na valoración da entidade solicitante.

A maior puntuación obtida na valoración da contraparte ou socio local.

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados. Serán financiados por orde de puntuación todos aqueles que sexa posible.

Polo que respecta aos proxectos de cooperación no exterior, estableceranse dúas listaxes independentes, unha para as ONGD e outra para os outros axentes.

12.3. No suposto de que non se esgotasen os recursos financeiros asignados a esta convocatoria, a Xunta de Galicia empregará os devanditos recursos para financiar outras actuacións de cooperación para o desenvolvemento a través dos outros medios previstos

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



no IV Plan director da cooperación galega e de conformidade co establecido na Lei de réxime orzamentario de Galicia e as leis anuais de orzamentos.

Artigo 13. *Prazo de resolución*

O prazo de resolución e notificación será de catro meses como máximo, contados desde o día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non notificarse unha resolución expresa neste prazo, as solicitudes teranse por desestimadas.

Artigo 14. *Resolución*

Á vista da proposta de resolución do instrutor debidamente motivada, o órgano competente por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo resolverá o procedente.

Artigo 15. *Compatibilidade de subvencións*

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo do proxecto subvencionado.

A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 16. *Aceptación da subvención e compromiso de financiamento*

Unha vez notificada a concesión da axuda, a entidade beneficiaria presentará nun prazo máximo de dez días unha declaración por escrito da aceptación da axuda en que conste o seu compromiso de achegar directamente, ou cubrir con outras achegas, a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida. Transcorrido o devandito prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, de acordo co establecido no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan.



Así mesmo, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou presentar unha readaptación á subvención concedida sempre que tecnicamente sexa posible e non altere a finalidade nin o orzamento total do proxecto aprobado. Esta solicitude de readaptación será sometida a unha nova análise para os efectos de comprobar que non afecte a orde de prelación dos proxectos subvencionados. Tras as comprobacións pertinentes será ditada, de novo, unha resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial, a cal lle será notificada á entidade no prazo dun mes.

De producírense renuncias ás subvencións ou revogacións das axudas, os seus importes poderán destinarse a incrementar a axuda inicialmente concedida a outros proxectos ou ben a subvencionar os que, reunindo os requisitos destas bases reguladoras e inicialmente non subvencionados, quedasen sen financiación ou esta non acadase a totalidade da subvención solicitada.

Artigo 17. *Anticipos*

17.1. Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e artigo 94.3 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, realizaranse pagamentos anticipados do 100 % da anualidade de que se trate mediante unha resolución motivada e sen necesidade de exixir garantía, sendo obrigatorio presentar un informe técnico de seguimento na primeira anualidade e o informe final na segunda anualidade nos termos establecidos no artigo seguinte.

17.2. Para o pagamento do anticipo da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar o anexo IV desta orde asinado dixitalmente polo/a representante legal da entidade.

No caso de subvencións outorgadas a entidade/s agrupada/s, aquelas distintas da solicitante deberán achegar o anexo III actualizado ou os documentos que acrediten as ditas circunstancias.

17.3. No caso de proxectos plurianuais, para o pagamento da subvención concedida na segunda anualidade e unha vez executada e xustificada a subvención concedida na primeira anualidade polo menos nunha porcentaxe dun 75 % en virtude do disposto no artigo 94.3.b) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, de acordo coas previsións do artigo 18.4 destas bases reguladoras, as entidades beneficiarias deberán presentar o anexo VI de solicitude



do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade, asinado dixitalmente polo/a representante legal da entidade.

No caso de subvencións outorgadas a entidade/s agrupada/s, aquelas distintas da solicitante deberán achegar o anexo III actualizado ou os documentos que acrediten as ditas circunstancias.

Artigo 18. *Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas*

18.1. Con base no que establece o artigo 94.3 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e a disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de lograr unha maior eficacia e eficiencia dos fondos públicos e considerando a natureza dos proxectos e as características dos destinatarios, a xustificación destas subvencións rexe-rase polo previsto nos puntos seguintes. A xustificación dos proxectos realizarase sobre o seu custo total, incluíndo, de ser o caso, as cantidades xeradas polo cambio no mercado monetario e os xuros bancarios.

18.2. As subvencións concedidas para proxectos que teñan un período de execución comprendido no exercicio corrente deberán ser xustificadas, coa presentación do anexo VII acompañado da documentación que se sinala no punto quinto deste artigo. O prazo de entrega da dita documentación será de tres meses desde a finalización do prazo para a realización das actividades do proxecto subvencionado, conforme o establecido no artigo 94.3.d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2023.

Os proxectos con subvención plurianual xustificarán cada anualidade independentemente. A primeira anualidade dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala no punto cuarto deste artigo, e a segunda anualidade e coa documentación que se sinala no punto quinto deste artigo e con data máxima do 31 de marzo de 2024, en virtude do establecido no artigo 94.3.d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

18.3. Para a presentación dos informes de seguimento e final, deberá utilizarse o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Relación Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia que se poderá descargar da páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/>



18.4. Para a xustificación da primeira anualidade a entidade beneficiaria deberá presentar o escrito de presentación da xustificación no modelo que figura como anexo V acompañado dos seguintes documentos:

a) Certificación da persoa que exerza a representación legal da entidade solicitante acreditativa da execución do proxecto de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente polo/a representante legal da entidade.

b) Informe de seguimento sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.

c) Certificación dos gastos do proxecto na primeira anualidade, por partidas orzamentarias e en que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.

d) Certificado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.

e) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destes, data e forma de pagamento e descrición do gasto, e co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.

f) Documento da liña base, de ser o caso.

18.5. Para a xustificación final do proxecto e co fin de acreditar a realización total das actividades, así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar o anexo VII acompañado tanto da xustificación técnica como a económica coa documentación que se sinala a seguir:

18.5.1. Xustificación técnica. Integrada polos seguintes documentos:

– Certificación da persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.

– Informe final de execución asinado dixitalmente sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto, que indicará, co máximo detalle, os obxectivos con-



seguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tras a súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

Esta xustificación permitirá constatar e verificar o cumprimento dos requisitos técnicos fixados na presente orde de bases, e entenderase suficiente para os efectos do establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

18.5.2. Xustificación económica e de resultados. Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e ao resto de financiadores, así como a de avaliación externa de resultados que se recollan no documento de formulación que acompaña a solicitude de subvención e o documento da liña base, no caso de non telo achegado na xustificación intermedia.

A xustificación económica realizarase mediante a forma de conta xustificativa, sen prexuízo do establecido nos puntos 18.5.3 e 18.5.4 en relación coas universidades e as axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas, que se rexerán polo establecido neles.

A xustificación económica incluírá a declaración das actividades realizadas, o seu custo total e desagregado, e irá acompañada de toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida.

A conta xustificativa poderá ser:

– Conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000,00 euros. Exceptúanse desta modalidade de xustificación os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro.

– Conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, obrigatoria para subvencións por importe superior a 50.000,00 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000,00 euros.

1. A conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos incluírá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e en que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.



b) Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor destes, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

e) Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.

2. A conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, para subvencións por importe superior a 50.000,00 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros, incluirá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e en que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.

b) Certificado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria, que deberá estar desagregado e detallado no caso de imputar persoal.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do seu emisor, data e forma de pagamento e descrición do gasto, co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.

e) Informe do/da auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española, asinada dixitalmente.



No caso de que o informe sobre a conta xustificativa por parte dun/dunha auditor/a de contas se produza no estranxeiro, poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se levará a cabo, sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas no dito país, o informe previsto neste artigo poderá ser realizado por un/unha auditor/a establecido/a nel sempre a designación deste/a siga uns criterios técnicos que garantan a axeitada calidade. Nestes casos non será obrigatoria a sinatura dixital do auditor, substituíndose esta por un documento asinado manualmente polo auditor e, pola súa vez, conformado dixitalmente polo representante legal da entidade.

A revisión da conta xustificativa polo/a auditor/a de contas realizarase de conformidade coas normas de actuación e supervisión que, se é o caso, propoña o órgano que teña atribuídas as competencias de control financeiro de subvencións en Galicia.

No caso de que a actividade subvencionada fose executada en todo ou en parte por un socio local ou contraparte estranxeira, non será exixible que os documentos xustificativos do gasto da subvención fosen reflectidos nos rexistros contables do beneficiario; nese caso, o alcance da revisión do/da auditor/a estenderase ás contas do socio local ou contraparte.

A auditoría realizarase de acordo co establecido na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. A memoria económica deberá abarcar a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas, independentemente de quen os financie.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exige a entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola lei. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou os organismos competentes da Administración da Comunidade Autónoma poderán solicitar a documentación soporte da auditoría, de acordo co establecido nesta orde.

Finalizada a revisión da conta xustificativa o/a auditor/a deberá emitir un informe en que detallará os procedementos de revisión levados a cabo, o seu alcance, a porcentaxe de deficiencias advertido e a contía dos gastos afectados.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



O informe deberá incluír a listaxe dos xustificantes de gastos da totalidade do proxecto, selada e asinada polo/a auditor/a.

O informe mencionará se o beneficiario facilitou tanta información lle solicitou o/a auditor/a para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

O informe referirase ao resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supor un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

18.5.3. No caso dos proxectos presentados polas universidades e no caso de proxectos executados por unha agrupación de entidades en que participen as universidades, e conforme o establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación económica, da parte executada directamente pola universidade, consistirá nunha certificación de gastos da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. A persoa que figure na solicitude de subvención como responsable técnica do proxecto será a encargada de facilitar a remisión desta documentación á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

18.5.4. Ás axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas exixirán como xustificación económica os documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable que lles é específico e sempre conforme o funcionamento establecido polos Estados parte para as distintas Nacións Unidas.

18.5.5. Con base no previsto no artigo 94.3.e) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, en casos excepcionais, de producirse situacións ou fenómenos imprevisibles como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada, e que dificulten ou mesmo imposibiliten dispoñer da adecuada documentación xustificativa do investimento ou do gasto, o órgano xestor poderá aceptar outras formas alternativas de xustificación, como informes de profesionais taxadores inde-



pendentes e debidamente acreditados e inscritos no correspondente rexistro oficial, declaracións de testemuñas, avaliación por resultados realizada por un profesional verificador acreditado e independente, declaración responsable de provedores ou declaración responsable da entidade beneficiaria en que se detalle o destino dos fondos públicos percibidos e a realización da acción concreta, así como a súa afectación ao bo fin perseguido, ou outras probas de igual valor e credibilidade, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes. Así mesmo, se as ditas circunstancias excepcionais, que deberán estar debidamente acreditadas, dificultan ou imposibilitan a execución total do previsto, o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento da axuda ou subvención non afectará as cantidades efectivamente investidas e xustificadas se se cumpriron parcialmente os obxectivos.

18.5.6. Cando no proxecto concorran diversas subvencións e axudas procedentes doutras administracións, a entidade beneficiaria ten que xustificar ante a Xunta de Galicia o importe do gasto subvencionado, ademais das achegas propias e de terceiros financiadores que no sexan Administración pública.

Con respecto ao resto de achegas doutras administracións públicas, unicamente ten que acreditarse a aplicación dos fondos ás actividades previstas, para o cal é suficiente a acreditación mediante certificados que emitan o resto de administracións públicas que financiaron o proxecto ou actividade. As previsións que contén este punto non alteran as funcións que a lexislación vixente outorga á Intervención Xeral da Administración autonómica.

No caso de non xustificar a totalidade do proxecto, o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción en que se reduza a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado. O importe resultante poderá ser devolto á Administración de forma voluntaria consonte o establecido no artigo 21 destas bases.

18.5.7. No suposto de adquisición de bens inmoables, debe achegarse un certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

18.5.8. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá presentar as tres ofertas solicitadas conforme o disposto no artigo 7.1.6º destas bases.



18.5.9. No caso de proxectos con subvencións de capital superiores a 60.000,00 euros, destinadas a investimentos en activos tanxibles, e conforme o artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

18.6. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, desde a presentación da xustificación final do proxecto. Nestes supostos, os xustificantes quedarán á disposición das actuacións e comprobación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. No orixinal da factura ou do documento xustificativo do gasto é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar a convocatoria anual da subvención xustificada, número de expediente, así como a referencia «Proxecto subvencionado pola Xunta de Galicia», indicando, ademais, o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada unha das entidades financeiras do proxecto. No suposto de documentos de gasto en que resulte imposible a impresión do selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación destes en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Tamén poderán utilizarse, como xustificantes de gasto, os recibos de caixa en que conste o nome da entidade beneficiaria, importe, nome e apelido da persoa que presta o servizo, concepto do gasto e nome do proxecto subvencionado. Este recibo deberá ser asinado pola persoa que presta o servizo (vendedor/a, transportista, etc.).

A utilización de recibos deberá ser, como criterio xeral, autorizada con carácter previo polo órgano concedente da subvención, tamén poderá ser validada con posterioridade por el sempre que este xulgue que a autorización se produciría de terse solicitado con carácter previo.

Poderán, así mesmo, utilizarse recibos de caixa en lugar de facturas, sexa cal sexa o seu importe ou a contía que representen sobre a subvención concedida e sen necesidade de autorización previa, sempre que na documentación xustificativa se inclúa unha acreditación de que as persoas perceptoras de tales pagamentos non están suxeitas á obriga de emitir factura no país en que se efectuou o gasto. A devandita acreditación deberá ser realizada por un organismo público competente.



Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo para importes inferiores a 1.000 euros, acompañando un xustificante do proveedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Esta excepcionalidade poderá estenderse a pagamentos por contía superior, pero estará supeditada a unha xustificación que resida na non obrigatoriedade de efectuar as ditas transaccións por outro método no país de desenvolvemento do proxecto ou que estea baseada na súa aceptación xeneralizada como método de pagamento neste.

Os criterios establecidos para os xustificantes de gastos e de pagamentos deberán respectar as normas e especificidades dos países en que se desenvolva o proxecto.

Cando existan xustificantes redactados nun idioma estranxeiro distinto do inglés, francés, italiano ou portugués, deberán ser debidamente traducidos, indicando data, importe, concepto de gasto, persoa perceptora e provedora.

18.7. No caso de que a xustificación, parcial ou total, dos proxectos non estea completa ou presente defectos, o prazo para a súa emenda e para a entrega da documentación complementaria requirida polo órgano que efectuese a revisión será de corenta e cinco días hábiles, consonte o que establece o artigo 22.2 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo.

18.8. Os impostos susceptibles de recuperación serán atendidos como un anticipo con cargo á subvención concedida en canto non sexan efectivamente recuperados. No momento da presentación da xustificación da subvención concedida achegarase, de ser o caso, unha declaración responsable de non recuperar os devanditos impostos.

Se a recuperación destes se produce durante o prazo de execución do proxecto ou actividade, os importes recuperados serán aplicados para sufragar gastos vinculados á actividade, dentro do seu prazo de execución, sen que sexa necesaria autorización previa do órgano concedente, salvo que a súa aplicación implique cambios ou modificacións que afecten obxectivos, resultados, localización territorial, contraparte ou socio local ou poboación beneficiaria.

No caso de que a recuperación se produza nos catro anos seguintes á finalización do prazo de execución da actividade, o beneficiario poderá propor a súa aplicación a actividades asociadas ou complementarias á actuación subvencionada. O órgano concedente emitirá unha resolución de autorización da aplicación dos fondos e indicará o prazo de execución e a súa xustificación, salvo que o devandito órgano entenda que as actividades a que se pretende aplicar as cantidades recuperadas non poden ser consideradas como



asociadas ou complementarias á actuación subvencionada; nese caso, emitirá unha resolución de denegación da aplicación dos fondos. Se a resolución é denegatoria, procederase á devolución do anticipo para o pagamento dos impostos.

A obrigación de devolver á Administración concedente os impostos recuperados subsistirá durante catro anos desde a presentación da xustificación, ao cabo dos cales, de non recuperarse aínda os impostos, deberá emitirse unha declaración responsable que acredite a devandita circunstancia.

Artigo 19. Obrigas da entidade beneficiaria, seguimento, avaliación e control dos proxectos

19.1. As entidades beneficiarias deberán realizar a intervención para a que se lles concedeu a axuda no período de tempo determinado no documento de formulación, e sempre dentro da anualidade pertinente. Para estes efectos, considérase vinculante o orzamento e a documentación presentada no documento de formulación do proxecto e na solicitude ou, de ser o caso, da reformulación de terse efectuada.

19.2. As entidades beneficiarias de axudas deberán informar de xeito inmediato a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

19.3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitar ao órgano xestor toda cantidade de información lles sexa requirida respecto dos proxectos subvencionados. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

19.4. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da cooperación galega, todo isto en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención, conforme o Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: y8ux7cf6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da cooperación galega deberán de figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade. Ambos os dous logotipos poderán descargarse da páxina web da cooperación galega <https://cooperacion.xunta.gal/>

Os documentos o material divulgativo publicados, tanto en papel como en soporte audiovisual e/ou electrónico, que sexan resultado de actuacións financiadas pola Xunta de Galicia, ademais de conter o logotipo e o nome da Xunta de Galicia como financiador, deberán incluír o seguinte parágrafo, traducido as linguas en que se publiquen os documentos ou materiais divulgativos: «Esta publicación realizouse co apoio financeiro da Xunta de Galicia. O contido da dita publicación é responsabilidade exclusiva de <NOME ENTIDADE> e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia».

19.5. No proceso continuo de homoxeneizar os procedementos, metodoloxía e formularios de xestión do ciclo dos proxectos cos da Cooperación Oficial Española e da Unión Europea, o seguimento e avaliación dos proxectos rexeráse polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade, seguindo a metodoloxía do marco lóxico e a xestión do ciclo do proxecto establecidos polo CAD e a propia Unión Europea.

19.6. A xestión dos proxectos poderá ser examinada durante a súa execución ou unha vez finalizada por representantes da Xunta de Galicia con competencias en materia de cooperación exterior ou por empresas avaliadoras contratadas para o efecto, para o que a entidade beneficiaria e a contraparte local facilitarán o acceso ás contas e documentos xustificativos requiridos, así como a calquera outra documentación relevante na execución do proxecto.

A avaliación final do proxecto analizará, de xeito sistemático e obxectivo, a pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade do proxecto financiado, adaptándose á especificidade do mesmo nos termos de referencia (TdR).

A estrutura dos informes de avaliación seguirá tamén a metodoloxía e o formato utilizada pola Cooperación Española e a Unión Europea, recollendo, como mínimo:

– **Resumo:** debe ser formulado de xeito compacto e breve (non máis de 5 páxinas) para ser empregado como un documento separado, centrándose nos puntos analíticos máis importantes e indicando as maiores conclusións, leccións adquiridas e recomendacións específicas.

CVE-DOG: y8ux7ct6-sc11-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



– Texto principal: comezando por unha descrición do proxecto avaliado e os obxectivos da avaliación, deberá seguir os cinco criterios de avaliación describindo os feitos e analizandoos segundo cada un.

– Conclusións e recomendacións: en función da análise dos criterios de avaliación, as recomendacións deberían ser realistas, operativas, pragmáticas e orientadas a audiencias de todos os niveis.

– Anexos: termos de referencia da avaliación, nomes dos/das avaliadores/as e das súas empresas, metodoloxía para o estudo (fases, métodos de recollida de datos, etc.), marcos lóxicos (orixinal e actualizado), lista de persoas ou organizacións consultadas, literatura e documentación, outros anexos técnicos, etc.

O control financeiro interno correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

19.7. As entidades beneficiarias, en relación co seu persoal expatriado cooperante, obríganse a cumprir co establecido no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o estatuto do cooperante.

Artigo 20. *Modificación das condicións*

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aspectos cualitativos dos seus obxectivos, resultados ou poboación destinataria, ou o lugar ou prazo de execución ou xustificación do proxecto, así como a modificación ou incorporación dos socios locais. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Conforme o que establece o artigo 94.3.c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o prazo de execución das actividades subvencionadas poderá ser ampliado automaticamente ata un máximo de seis meses, sen necesidade de autorización previa polo órgano xestor, debendo o beneficiario comunicalo previamente ao órgano competente antes de que expire o prazo de execución inicial e entendéndose automaticamente ampliado o prazo coa dita notificación, sendo indistinto que se exceda o límite do correspondente exercicio orzamentario. As am-



pliacións do prazo de execución superiores a seis meses requirirán a autorización previa do órgano xestor.

Excepcionalmente, poderá solicitarse e outorgarse unha segunda ampliación de prazo de execución antes de expirar a primeira, fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatorias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada, debendo acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables ao beneficiario. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere as devanditas circunstancias ou continxencias. No caso de que a situación excepcional impida continuar coa execución da actividade financiada ou subvencionada, poderase solicitar unha modificación da finalidade para a que fose outorgada a dita subvención.

Artigo 21. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172 de titularidade «Xunta de Galicia» pertencente a entidade Abanca, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concidente a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o motivo da devolución e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 22. *Reintegro por incumprimento*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que haberá que reintegrar por posibles incumprimentos das condicións impostas



con motivo da concesión das subvencións determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación:

a) O incumprimento total das obrigas e os fins para os que se outorgou a subvención e o incumprimento total das obrigas de xustificación dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.

b) A cantidade para reintegrar no caso de incumprimento parcial na execución das accións ou gastos e no caso de incumprimento parcial na xustificación será determinada, de acordo co criterio de proporcionalidade, polo volume e grao de incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.

c) No caso de demora na presentación da documentación xustificativa da subvención, e sempre que o cumprimento pola entidade beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, solicitarase a devolución do 10 % da subvención concedida.

Artigo 23. *Información aos órganos fiscalizadores*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

24.1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

24.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



Artigo 25. *Recursos*

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, no caso de que o acto for expreso. Se este non o for (acto presunto) o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñelo en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que este se produza, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Directamente, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto.

Artigo 26. *Remisión normativa*

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 27. *Información ás persoas interesadas*

27.1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e



á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

27.2. Por outra banda, de conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberáselle transmitir á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola dita base de datos.

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4





VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR803D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
PÁXINA WEB	DATA DE CONSTITUCIÓN		DATA DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO		Nº DE REXISTRO GALEGO DA ENTIDADE		
Nº DE SOCIOS	PERSONAL EN GALICIA		SEDE CENTRAL EN GALICIA		TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO		
Galicia		Remunerado		☐ SI	☐ SI		
Resto España		Voluntario		☐ NON	☐ NON		
Total		Total					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DO PROXECTO			
TÍTULO DO PROXECTO			
PAÍS	PROXECTO EN AGRUPACIÓN CON	NOME DA CONTRAPARTE OU SOCIO LOCAL	
CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD	PAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO	DATA DE INICIO (MES/ANO)	DATA DE FINALIZACIÓN (MES/ANO)
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA (en euros)	% COFINANCIAMENTO DA XUNTA	

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4





VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II (continuación)

DATOS DA/DAS PERSOA/S RESPONSABLES DO PROXECTO

NOME DA PERSOA RESPONSABLE DA XESTIÓN DO PROXECTO EN GALICIA			CARGO
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
NOME DA PERSOA RESPONSABLE LOCAL DO PROXECTO			CARGO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:
 - ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
 - ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que cumpre coas normativas ambientais e de dereitos humanos no territorio español e nos países de intervención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

CARPETA 1: Información relativa á entidade solicitante e entidades agrupadas, se é caso.			
☐	Anexo III, declaración artigo 10 Lei de subvencións para entidades agrupadas distintas da solicitante, de ser o caso.		
☐	Contrato ou acordo de colaboración asinado polas persoas que exerzan a representación legal das entidades polo cal se obrigan solidariamente ante a Xunta de Galicia, no caso de agrupación de entidades.		
☐	Compromiso de non obter ningún beneficio da operación, no caso de axentes de cooperación que, pola súa natureza xurídica, posúan ánimo de lucro.		
☐	Certificación que autorice tanto a presentación do proxecto á convocatoria como o compromiso de gasto correspondente, no caso de universidades.		
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐	Copia das contas anuais da entidade, última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, con excepción das universidades.		
☐	Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.		
☐	Planificación/estratexia de cooperación para o desenvolvemento da entidade para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado ou Plan de responsabilidade social corporativa en que se insire o proxecto, no caso de empresas ou agrupacións empresariais.		
CARPETA 2: Información relativa á contraparte ou socio local (no caso de seren varias entidades, de cada unha delas)			
☐	Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local.		
☐	Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento en que se recolla o nomeamento da persoa que exerza a representación legal.		
☐	Copia do documento ou cédula de identidade da persoa que exerza a representación legal.		
☐	Declaración da persoa que posúa a representación legal da entidade, en que se especifiquen a personalidade xurídica da entidade socia ou contraparte local, o seu domicilio social, a cuantificación do número de socios/as da entidade, o seu organigrama e a descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao servizo desta.		
☐	Copia dos estatutos da entidade.		
☐	Copia do documento de inscrición no rexistro correspondente da contraparte ou socio local.		

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y8ux7ct6-sc11-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4





VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO II (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia do número de identificación fiscal da entidade ou documentos similares no país de orixe.			
☐ Copia das contas anuais da entidade da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade.			
☐ Memoria da organización en que se inclúan as accións da entidade nos últimos dous anos.			
☐ Planificación/estratexia da entidade para os seguintes anos (dous como mínimo) en que se enmarca o proxecto presentado.			
No caso de que a contraparte ou socio local sexa unha Administración, universidade ou outra entidade pública, deberá presentar:			
☐ Carta de compromiso de participación no proxecto.			
☐ Copia do documento ou cédula de identidade da persoa que desempeñe a representación legal da entidade.			
☐ Copia do documento en que se recolla o nomeamento do representante legal ou certificación expedida polo órgano competente.			
☐ Memorias, informes, plans, estratexia e/ou relación de proxectos ou actividades de cooperación para o desenvolvemento e outros traballos relacionados co proxecto presentado.			
CARPETA 3: Información relativa ao proxecto			
☐ Formulario de presentación do proxecto no documento normalizado.			
☐ Orzamento do proxecto no documento normalizado.			

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día nos pagamentos	☐
Certificación da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia de non ter débedas	☐
Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento	☐
Inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
Concesión de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións	☐ SI ☐ NON

 Xacobeo 21-22

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR803D).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO III

DECLARACIÓN ARTIGO 10 LEI DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES AGRUPADAS DISTINTAS DA SOLICITANTE

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados poderán ser obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á
CONSULTA

DNI ou NIE da persoa representante

☐

Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día nos pagamentos

☐

Certificación da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia de non ter débedas

☐

Vixencia dos datos depositados no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento

☐

Inhabilitación para obter subvencións e axudas

☐

Concesión de subvencións e axudas

☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A
CONSULTA

NIF da entidade agrupada

☐ SI ☐ NON

Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións

☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE





VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DO ANTICIPO DA 1ª ANUALIDADE

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA:

De conformidade co que establece o artigo 17.2 da orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, o pagamento do anticipo da subvención concedida para a 1ª anualidade do proxecto:

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:

☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

☐ Si se solicitou e/ou se lle concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que cederá os bens mobles ou inmobles, que resulten da execución do proxecto subvencionado, ás persoas beneficiarias ou socio local, se é o caso.

3. Que a/as entidade/s solicitante/s non está/n incurso/s en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Anexo III, declaración artigo 10 Lei de subvencións para entidades agrupadas distintas da solicitante, de ser o caso.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de

 Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

CVE-DOG: y8ux7cf6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4





VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO V

PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA 1ª ANUALIDADE

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

De conformidade co que establece o artigo 18.4 da orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, presenta a xustificación da primeira anualidade do proxecto:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da persoa que exerza a representación legal da entidade solicitante acreditativa da execución do proxecto de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente polo/a representante legal da entidade.
- ☐ Informe de seguimento sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado dixitalmente pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto en Galicia.
- ☐ Certificación dos gastos do proxecto na primeira anualidade, por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Certificado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, do número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor destas, data e forma de pagamento e descrición do gasto, e co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.
- ☐ Documento da liña base, de ser o caso.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

 Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wioigr2z4



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO VI

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DO ANTICIPO DA 2ª ANUALIDADE

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA:

De conformidade co que establece o artigo 17.3 da orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, o pagamento do anticipo, unha vez xustificada a primeira anualidade de acordo co que establece o artigo 18.4 da convocatoria, da subvención concedida para a 2ª anualidade, do proxecto:

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	ESTADO (solicitada/concedida)

2. Que a/as entidade/s solicitante/s non está/n incurso/s en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN FINAL

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE PRESENTA:

De conformidade co que establece o artigo 18.5 da orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, presenta a xustificación final do proxecto:

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	ESTADO (solicitada/concedida)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ☐ Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado, asinada dixitalmente pola persoa que teña a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Informe final de execución asinado dixitalmente sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto, que indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tras a súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.
- ☐ Avaliación externa de resultados que se recollen no documento de formulación.
- ☐ Documento da liña base, no caso de non telo achegado na xustificación intermedia.
- ☐ Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que teña a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Certificado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que teña a representación legal da entidade beneficiaria.
- ☐ Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor destas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- ☐ Para os proxectos cunha subvención igual ou inferior a 50.000 euros, deberán presentar a totalidade das facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- ☐ Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.
- ☐ Para os proxectos cunha subvención superior a 50.000 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual ou inferior a 50.000 euros, deberán presentar Informe do/da auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española, asinada dixitalmente.
- ☐ Certificación de gastos da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, no caso dos proxectos presentados polas universidades e no caso de proxectos executados por unha agrupación de entidades en que participen as universidades.



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO**ANEXO VII**
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:** (continuación)

- ☐ Documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable específico conforme o funcionamento establecido polos Estados parte no caso das axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas.
- ☐ Certificado do/da taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, de ser o caso.
- ☐ Tres ofertas solicitadas, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.
- ☐ Xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada, no caso de proxectos con subvencións de capital superiores a 60.000 euros, destinadas a investimentos en activos tanxibles.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

CVE-DOG: y8ux7ct6-scn1-kyu5-mc13-wm4wiolgr2z4

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>